

Xuízo pola sanción a Juan Torres

ANULADA A SANCIÓN

O 12 de marzo celebrouse o xuízo pola sanción de 45 días de emprego e soldo a Juan Torres, delegado sindical de Co.bas, é o primeiro dos xuízos que se celebra para solicitar a nulidade das sancións de 45 días e xa hai sentenza pública. O fallo anula dita sanción e engade que a resolución é firme ao non contemplarse legalmente a posibilidade de interpoñer recurso.

Na sentenza indicase con claridade que as imputacións da empresa e as acusacións das testemuñas aportadas por esta entran en clara contradición co visionado das cámaras de seguridade, demostrase polo tanto que a empresa mente e emprega testemuñas falsas para apoiar a súa versión. Non debemos esquecer que estas testemuñas foron a proba principal na que se baseou o xuíz que ratificou os despedimentos de Álvaro e Porfirio.

Volvemos repetir o que dixemos unha e outra vez: **ese día non pasou nada grave en distrito C**. É necesario que todos entendamos que estes despedimentos e sancións son unha clara **REPRESIÓN SINDICAL**, co obxectivo de acabar co sindicalismo crítico e deixarlle o camiño limpo á empresa nos seus proxectos.

Esta sentenza debería servir para retomar a loita pola anulación dos despedimentos e sancións por parte do cadro de persoal, buscando a unidade sindical e esixindo da empresa a anulación dos despedimentos e as sancións.

Os sindicatos da Coordinadora de Burgos levamos tempo nesta batalla e aínda que esta sentenza é unha vitoria do compañeiro Juan Torres, indícanos tamén que debemos continuar, se cabe con mais forza, pois quedan outras sancións e, sobre todo dous compañeiros que están despedidos dende agosto.

Dende a CIG vamos a realizar unha recollida de sinaturas para solicitarlle á empresa a readmisión dos compañeiros e a nulidade das sancións. Trataremos de pasar polos centros de traballo os próximos días. **Esperamos a túa solidariedade.**

POLA RETIRADA DOS DESPEDIMENTOS E SANCIÓNS

A TÚA SOLIDARIEDADE É NECESARIA

Galiza, 6 de maio de 2009